



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO REGULADOR DO MEXILLÓN DE GALICIA

En Santiago de Compostela, o día 20 de agosto de 2016, na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Juan Carlos Maneiro Cadillo, en calidade de director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde de 30 de marzo de 2012, da mesma consellería, publicada no DOG nº 70, do 12 de abril, e de conformidade co Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Doutra parte, , con DNI.: , en representación do Consello Regulador do Mexillón de Galicia con CIF.: -D e domicilio na en Vilagarcía de Arousa, actuando en virtude das facultades conferidas no artigo 32º, k) do seu Regulamento, publicado pola orde do 17 de outubro de 2000 (DOG, n.º 221, do 15 de novembro de 2000), e pola Orde de 27 de febreiro de 2015 (DOG, n.º 49 do 12 de marzo de 2015).

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio, e a tal efecto,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO:

Que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración con entidades pertencentes ao sector privado, segundo dispón o artigo 4.1.d) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de



contratos do sector público sempre que o seu obxecto non estea comprendido na dita lei ou en normas administrativas especiais.

Que o pleno do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia foi constituído en sesión celebrada o pasado día 1 de decembro de 2014, de conformidade co artigo 45.1 do Decreto 4/2007, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector agroalimentario e os seus consellos reguladores.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

TERCEIRO:

Que por Orde do 29 de agosto de 2008 aprobouse o Regulamento da denominación de orixe Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e do seu consello regulador que veu a substituír ao regulamento anterior publicado na Orde de 17 de outubro de 2000. Nembargante, a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO), interpuxo recurso contra la Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de 28 de agosto de 2008, pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe "Mexilón de Galicia.- Mejillón de Galicia". O devandito recurso contencioso administrativo foi estimado, declarando a orde non conforme a dereito e anulándoa, segundo sentenza de 15 de abril de 2010. Con posterioridade, o 22.7.2010, a sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo acorda declarar rematado o recurso de casación interposto pola Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y



Mariscos (ANFACO). Por todo o regulamento publicado pola Orde de 17 de outubro de 2000 volta a estar en vigor en todo aquilo que non contradiga ao actual prego de condicións da denominación de orixe Mexillón de Galicia inscrita no Rexistro e Denominacións de orixe protexidas e de indicación xeográficas protexidas (Regulamento (CE) 1050/2007 da Comisión de 12 de setembro de 2007).

Que, polo tanto, o devandito Consello Regulador do Mexillón de Galicia é o organismo facultado para representar á devandita denominación, e como tal, ten o interese e deber, segundo se recolle no seu Regulamento. Así mesmo, ten como finalidade das súas actuacións a defensa e promoción da Denominación de Orixe Protexida (en diante, DOP), así como o control e o fomento da calidade.

Así mesmo, o artigo 29 do seu regulamento indica que o Consello Regulador vixiará o movemento de mexillón non protexido ou de produtos derivados del, informando das irregularidades detectadas á Consellería do Mar.

En consecuencia, non só está facultado para as actividades de control do mexillón certificado, senón que resulta ser un dos seus cometidos vixiar os movementos do mexillón en termos xerais para o mellor desenvolvemento da DOP.

CUARTO:

Que o Consello Regulador do Mexillón de Galicia precisa levar a cabo as labores de control da certificación e verificación do cumprimento dos requisitos establecidos no prego de condicións, a través dunha entidade certificadora independente.

Que os pagamentos realizados a esa entidade coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxectivo garantir o control da certificación dos produtos amparados pola DOP Mexillón de Galicia.

Que o Consello Regulador do Mexillón de Galicia, precisa realizar melloras para o subministro de electricidade e auga corrente para a instalación dun punto de control.

Que os gastos previstos coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxectivo a optimización e mellora da trazabilidade do mexillón amparado pola DOP Mexillón de Galicia.



Que fanse necesarias actuacións na mellora da promoción dos produtos, para dar a coñecer as excelencias e bondades do Mexillón de Galicia. Neste sentido, a participación en feiras nacionais e internacionais resulta de gran relevancia para o desenvolvemento da marca.

QUINTO:

Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital 14.02.723B.781.0, destinada a financiar un convenio coa Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia.

SEXTO:

A acción a realizar non garda relación co funcionamento do mercado interior no sentido ao que se refire a comunicación interpretativa da Comisión 2006/C 179/02), xa que polo exposto, queda perfectamente xustificado que o obxecto do convenio non encerra potencialmente interese para os operadores económicos doutros estados membros, pola súa escasa incidencia económica.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de acordo as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer ás bases de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia co fin de financiar as inversións que leve esta institución sen ánimo de lucro para a promoción da marca e para garantir o seu control e trazabilidade.



SEGUNDA.- Finalidade da Subvención

A realización dos investimentos necesarios para a promoción da marca e para a mellora dos sistemas de control da certificación e da trazabilidade, que consistirán en:

1. Control da certificación a través dunha entidade certificadora independente, que realiza a auditoría inicial de verificación do cumprimento dos requisitos dos operadores e dos produtos.
2. Mellora dos equipamentos portuarios para o control da trazabilidade.
3. Accións de promoción dos produtos da marca en feiras, así como en conferencias e charlas.

TERCEIRA.- Importe e contía da subvención

A Consellería do Mar achegará un importe máximo de trinta e un mil oitocentos quince euros (31.815,00 €) que se financiará con cargo á partida orzamentaria 14.02.723B.781.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

CUARTA.- Concorrencia de subvencións

O importe da subvención percibida para este investimento non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da inversión aquí proposta. Ao efecto de poder comprobar tal extremo nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.

QUINTA.- Obrigas do beneficiario

O beneficiario, comprométese a:

1. Dedicar integramente o importe desta axuda á adquisición dos bens descritos na cláusula segunda deste convenio.
2. A poñer en coñecemento da Consellería do Mar calquera incidencia que afecte á realización dos investimentos, proporcionando canta información sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.



3. Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, consonte ao disposto no artigo 40.1 h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ademais son obrigas da beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

O beneficiario da axuda consente expresamente a inclusión do datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvención de Galicia.

A concesión da subvención implica a autorización, á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A tal efecto, a DOP Mexillón de Galicia deberá aportar, antes de que se proceda ao libramento de ningunha cantidade, a certificación acreditativa do cumprimento das devanditas obrigas, expedida pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

SEXTA. Publicidade da Subvención

1. A entidade beneficiaria, consonte ao disposto no artigo 20 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante Decreto 11/2009) deberá de dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 20 do Decreto 11/2009, o incumprimento da obriga da beneficiaria de dar a adecuada publicidade do financiamento será causa de perda do dereito ao cobramento da subvención. Se é o caso, será tamén causa de reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que correspondan, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, en relación co artigo 33.d) da dita norma, e seguirase o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.



SÉTIMA.- Forma de pagamento e xustificación da subvención

A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido no artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto imputables dende o 1 de xaneiro de 2016 e, en todo caso, mediante a presentación da seguinte documentación, antes do 16 de novembro de 2016:

Memoria económica xustificativa para os gastos con cargo á partida orzamentaria 14.02.723B.781.0 que incluírá:

a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final o total dos gastos. Esta relación estará conformada polo presidente da DOP Mexillón de Galicia, co visto e praxe do seu presidente.

Tanto a presentación das facturas, como os documentos xustificativos do seu pagamento, deberán achegarse á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, (en adiante Lei 30/1992, do 26 de novembro) como a súa relación ordenada é requisito imprescindible para a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda a xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

b. Declaración responsable, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado indicando que teñen relación co obxecto do convenio.

c. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total percibido.



d. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, de que os bens adquiridos e financiados por esta subvención son de uso exclusivo dos membros dos órganos reitores ou de ser o caso do persoal contratado ao servizo da beneficiaria.

De acordo co establecido no artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Pagamentos consonte ao artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.
- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% é o 16 de novembro de 2016.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no seu artigo 29.2, considéranse gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

OITAVA.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

NOVENA.- Normativa de referencia

Todas as actuacións de xestión de actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.



DÉCIMA.- Comisión de seguimento

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada polo Director Xeral de Pesca, acuicultura e Innovación Tecnolóxica, polo/a subdirector/a xeral de Pesca e Mercados da Pesca, e polo presidente e o secretario da entidade beneficiaria.

UNDÉCIMA.- Resolución de controversias

En caso de controversias sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resolveranse pola comisión prevista na cláusula anterior.

No caso de que subsista o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contenciosa Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DUODÉCIMA.- Transparencia e boas prácticas na Administración pública galega

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería do Mar. Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e no 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMA TERCEIRA.- Rexistro de convenios

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG, n.º 149, do 3 de agosto).

DÉCIMA CUARTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, polas prestacións que se deriven deste convenio.



DÉCIMO QUINTA.- Vixencia e efectos

A duración do presente convenio alcanza ata o dezaseis de decembro de dous mil dezaseis, sen posibilidade de prórroga.

E en proba da conformidade e para a debida constancia do pactado asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en todas as follas, no lugar e data ao comezo indicados

Pola Consellería do Mar

A CONSELLEIRA

PD Orde 30 / 03 / 2012, DOG.

n.º 70, do 12/04/2012; DA 6ª,

Decreto 129/2015 de 08/10/2015)

Polo Consello Regulador do Mexillón de Galicia

O presidente

O director xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

Juan Carlos Maneiro Cadillo